



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Metodoloxía do ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira	Código	652609923	
Titulación	7 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Linguas Extranxeiras			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Letras			
Coordinación	Galán Rodríguez, Noelia María	Correo electrónico	noelia.galan@udc.es	
Profesorado	Galán Rodríguez, Noelia María	Correo electrónico	noelia.galan@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia céntrase nas metodoloxías, técnicas e estratexias relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe das linguas estranxeiras.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	(CE-G1)Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións
A3	(CE-G3)Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A5	(CE-G5)Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas
A15	(CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A17	(CE-E3)Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas
A18	(CE-E4)Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
A19	(CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A21	(CE-E7)Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A22	(CE-E8)Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A23	(CE-E9)Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A27	(CE-E13)Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A28	(CE-E14)Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Analizar criticamente estudos e traballos referidos á metodoloxía no ensino-aprendizaxe de linguas estranxeiras	AP17 AP19		CM2
Coñecer diversos enfoques, modelos e estratexias relacionados coa metodoloxía no ensino-aprendizaxe de linguas estranxeiras	AP17 AP19		CM2 CM6
Analizar e propoñer estratexias de xestión da aula e de planificación didáctica	AP1 AP3 AP19 AP22 AP27		CM2 CM3 CM6



Expoñer oralmente os resultados do estudo das diversas metodoloxías, estratexias e enfoques didácticos	AP19 AP21 AP22		CM2
Expoñer por escrito cuestións sobre metodoloxía do ensino-aprendizaxe de linguas estranxeiras	AP5 AP15 AP17 AP18 AP19 AP21 AP22 AP23 AP27 AP28		CM2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción a metodoloxía do ensino e aprendizaxe da lingua estranxeira	Introdución: "From the teacher-centred classroom to the student-centred classroom"; Métodos e estratexias no ensino-aprendizaxe de linguas estranxeiras: de Grammar Translation a Humanistic Language Teaching
2. Evolución de metodoloxías no proceso de E/A dunha lingua estranxeira	A motivación na aula de LE: definición e estratexias. Aprendizaxe cooperativo The Communicative Approach Integrated Language Skill Approaches: TBLT e CBI Gamification e GBL AICLE
3. O uso das TICs no ensino e aprendizaxe da lingua estranxeira	Blended Learning e Flipped Classroom.
4. Diseño de materiais para a didáctica das linguas estranxeiras	Xestión da aula e planificación didáctica no ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira. Didáctica de gramática e vocabulario en lingua estranxeira A cultura no ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A5 A15 A17 A19 A21 A23 A28 C2 C3	4	22	26
Discusión dirixida	A5 A19 A27 C2	3	0	3
Sesión maxistral	A1 A3 A5 A15 A17 C2 C6	8	10	18
Lecturas	A17 A19 C2 C6	0	7	7
Portafolios do alumno	A3 A19 A27 A28 C2 C6	2	9	11
Presentación oral	A5 A15 A17 A18 A19 A22 A27 C2	4	2	6
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Traballo grupal na aula ou fóra dela. Tamén, no entorno virtual.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador. Haberá un debate participativo en torno a cada un dos métodos de E/A
Sesión maxistral	Exposición por parte do/a profesor/a de contidos teóricos e de actividades prácticas sobre metodoloxía de ensino-aprendizaxe
Lecturas	Lecturas diversas, obrigatorias ou voluntarias (indicarase no seu momento) que deben ou poden facer os alumnos e alumnas fóra da aula.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo.
Presentación oral	Proba oral, individual ou grupal (4 alumnos por grupo, máximo), que forma parte da avaliación final da materia. Deberá ser en inglés e ter o apoio dun sistema de exposición en pantalla, por exemplo, Powerpoint, ou as presentacións de prezi.com

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa Presentación oral	A profesora atenderá persoalmente, e tamén por correo electrónico, as dúbidas que os alumnos e alumnas podan ter. Asemade, dirixirá dun xeito persoal as prácticas coas TICs. Igualmente, deberá exercer atención personalizada no traballo grupal na aula e no estudo documental o de casos concretos que integran o programa. O alumnado de matrícula parcial e/ou con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo docente, e, como todo alumnado, recibirá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A5 A15 A17 A19 A21 A23 A28 C2 C3	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e das comunicacións, que se basean na organización da aula en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.	30
Presentación oral	A5 A15 A17 A18 A19 A22 A27 C2	Presentación oral dun tema relativo a metodoloxía (teorías, investigación, estratexias, aspectos prácticos, simulacións, etc.).	30
Discusión dirixida	A5 A19 A27 C2	Participación mostrando pensamento crítico e reflexivo nos debates en torno aos distintos métodos/principios de ensino-aprendizaxe dunha lingua estranxeira.	10
Portafolios do alumno	A3 A19 A27 A28 C2 C6	Carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo. É de carácter individual.	30

Observacións avaliación



Para superar a materia na convocatoria ordinaria o alumnado deberá asistir a un 80% das sesións presenciais.

Os items de avaliación son de obrigado cumprimento para aprobar a materia. A nota final será o resultado da suma das calificacións obtidas en cada un deles.

Aquel alumnado que non asista a un 80% das sesións presenciais ou non supere a materia na convocatoria ordinaria, na convocatoria extraordinaria de xullo serán avaliados polo mesmo método proposto para aquelas persoas con dispensa académica.

AVALIACIÓN DE ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado a tempo parcial e con dispensa académica deberase poñer en contacto coa profesora antes do comezo das clases para acordar as datas de entrega do traballo individual e a presentación oral.

- Presentación oral: 30%
- Traballo individual: 30%
- Proba mixta na data do calendario oficial: 40%

Os items de avaliación son de obrigado cumprimento para aprobar a materia. A nota final será o resultado da suma das calificacións obtidas en cada un deles.

A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios.

Segundo o establecido na " NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E A PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA (aprobada polo Consello Social do 04/05/2017): 1. Deberá poñelo encoñecemento do docente na primeira semana de clase, ou, se isto non fora posible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle fora concedido o recoñecemento.

2. Terán que realizar, individualmente, todas as actividades/traballo propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas polo docente.

Se non se cumpre a entrega sinalada considerarase como suspenso e recibirá unha cualificación de 0. 3. A cualificación será a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar algunha das partes na primeira oportunidade, deberán repetir na segunda oportunidade as partes non aprobadas (actividades/traballo e/ou proba). Importante : A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Richards, Jack C & Rodgers, Theodore S. (2014). Approaches and Methods in Language Teaching. 3rd edition. Cambridge: CUP - Ur, Penny (2012). A Course in English Language Teaching. Cambridge: CUP - O'Malley, J. Michael & Uhl Chamot, Anna (1990). Learning Strategies in Second Language Acquisition. Cambridge: CUP - Macaro, Ernesto (2003). Teaching and Learning a Second Language. A Guide to Recent Research and Its Applications. London: Continuum - Gebhard, Jerry G. (2006). Teaching English as a Foreign or Second Language. A Self-Development and Methodology Guide. Ann Arbor: The University of Michigan Press - Larsen-Freeman, Diane & Anderson, Marti (2011). Techniques & Principles in Language Teaching. Oxford: OUP - House, Susan, coord. (2011). Didáctica del inglés. Classroom Practice. Barcelona: Graò - Kapp, Karl (2012). The Gamification of Learning and Instruction. Pfeiffer Wiley - Galán-Rodríguez, Noelia Mª (2020). Motivation in CLIL: Research in Secondary Education in the Galician Context. Peter Lang
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

Co propósito de contribuir ao desenvolvemento do programa Green Campus para a entrega de traballos recoméndase eliminar o uso de plásticos, escoller a impresión a dobre cara, utilizar papel reciclado e evitar imprimir borradores.- Debe facerse un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos profesionais e persoais.En canto a normativa de igualdade e xénero:-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas, etc.)-Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías